



4 - DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL



presente capítulo, adicado ó estudio dos principais aspectos relativos ó desenvolvemento territorial da área funcional de Lugo no período 1998-99, divídese en tres partes diferenciadas.

En primeiro lugar analízase a súa dotación infraestructural, para o que se reflicten mapas das vías de comunicación e rede urbana das distintas comarcas e, ó mesmo tempo, se recollen os investimentos realizados neste eido, centrándose para iso en tres campos de relevancia: as infraestructuras ferroviarias, as infraestructuras viarias e mailas infraestructuras hidráulicas. Para a súa elaboración tomouse como referencia a información proporcionada polas direccións xerais de Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, namentres que os mapas foron recollidos do “Mapa Comarcal de Galicia” elaborado pola Xunta de Galicia en 1997.

Seguidamente proporciónase información sobre os parques empresariais existentes na área funcional, para o que se utiliza como fonte de información a publicación “Parques Empresariais de Galicia e Norte de Portugal” elaborada conxuntamente polo Observatorio Urbano do Eixo Atlántico e o Servicio Ardán do Consorcio da Zona Franca de Vigo, que proporciona datos a marzo de 1998.


Para finaliza-lo capítulo, recóllese información sobre o recinto feiral de Lugo, pertencente á Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo.

Infraestructuras

Os **mapas 4.1., 4.2., 4.3., 4.4., 4.5., 4.6. e 4.7.** permiten observar para as sete comarcas pertencentes á área funcional o espacemento das vías de comunicación e a



Mapa 4.1.

Relacións funcionais intermunicipais e vías de comunicación e rede urbana da comarca de Os Ancares





Mapa 4.2.

Relacións funcionais intermunicipais e vías de comunicación e rede urbana da comarca de A Fonsagrada




Mapa 4.3.

Relacións funcionais intermunicipais e vías de comunicación e rede urbana da comarca de Lugo







Mapa 4.4. *Relacións funcionais intermunicipais e vías de comunicación e rede urbana da comarca de Meira*





Mapa 4.5.

Relacións funcionais intermunicipais e vías de comunicación e rede urbana da comarca de Sarria




Mapa 4.6.

Relacións funcionais intermunicipais e vías de comunicación e rede urbana da comarca da Terra Chá



Mapa 4.7. *Relacións funcionais intermunicipais e vías de comunicación e rede urbana da comarca de A Ulloa*





súa rede urbana. Distínguense as vías segundo a súa categorización ó tempo que ós distintos nodos de comunicación establécense un rango segundo a súa importancia.

En canto ós nodos establecidos, o Mapa Comarcal de Galicia realiza unha distinción dos mesmos en función da súa importancia en cinco rangos, de xeito que o rango I clasificaría os nodos máis relevantes, fronte os nodos de rango V correspondentes a aqueles cunha menor relevancia dentro desta clasificación. O interior da área funcional conta cun só nodo de rango II –a cidade de Lugo– e dous de rango III –Rábade e Vilalba–. Outros núcleos como Baralla, Becerreá, O Corgo, Guntín, Láncara, Meira, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei ou Sarria son calificados como nodos de rango IV.

As principais infraestructuras da área son, como foi sinalado no apartado 1.- *Panorama xeral*, a autovía do Noroeste e as estradas nacionais VI e 634, así como a liña de ferrocarril A Coruña–Monforte. Os investimentos realizados neste campo dun xeito detallado foron os seguintes:

- No eido das **infraestructuras ferroviarias**, na área funcional de Lugo os investimentos foron realizados pola compañía Renfe, polo Ministerio de Fomento e pola Xunta de Galicia. En concreto, as obras executadas por Renfe enmárcanse no convenio asinado coa Xunta de Galicia o 3 de agosto de 1998, que estima un investimento total de 30.000 millóns de pesetas ó longo do período 1999-2003. O Ministerio de Fomento asinou outro convenio coa Xunta o 6 de abril de 1998 cunha vixencia de cinco anos (1998-2002) no que establece un investi-

mento de 30.000 millóns de pesetas. A aportación da Xunta de Galicia supón un 10% do orzamento do convenio asinado co ministerio e un 27% do correspondente ó acordo con Renfe.

Dun xeito máis específico, os principais investimentos en materia ferroviaria no conxunto da área para o período considerado centráronse particularmente en tres comarcas: Lugo, Sarria e Terra Chá.

Así, na comarca de Lugo salienta a execución de dous proxectos por parte de Renfe, cun orzamento total de 64,4 millóns de pesetas:

- Instalacións de seguridade, CTC e tren-terra no treito Monforte de Lemos–Lugo–A Coruña e no ramal Betanzos–Ferrol da liña Palencia–A Coruña, por 38,8 millóns de pesetas.

- Rectificacións de curvas e mellora do trazado do treito Monforte de Lemos–Lugo da liña Palencia–A Coruña, cunha cifra total de 25,6 millóns de pesetas.

Polo que respecta á comarca de Sarria, coincidindo cun dos proxectos sinalados para a comarca de Lugo, destaca a execución por parte de Renfe, cun investimento total de 3.443,1 millóns de pesetas, do proxecto:

- Rectificacións de curvas e mellora do trazado do treito Monforte de Lemos–Lugo da liña Palencia–A Coruña.

Finalmente, tamén dentro da comarca da Terra Chá, desenvólvese o proxecto mencionado previamente de Instalacións de seguridade, CTC e tren-terra no treito Monforte de Lemos–Lugo–A Coruña, que ten un

presuposto total de 3.608,8 millóns de pesetas. Nesta comarca o Ministerio de Fomento procedeu ó investimento de 44 millóns de pesetas para a supresión do paso a nivel en Outeiro de Rei.

O 20 de decembro de 2000 asinou un convenio entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e Renfe par a modernización da rede ferroviaria interior de Galicia. O convenio prevé uns investimentos de 160.000 millóns de pesetas no período 2000-2007. No caso da área funcional de Lugo, o convenio prevé a renovación total da vía, construción de dous variantes e obras de sinalización por un importe de 33.503,2 millóns de pesetas, na liña Ourense-Monforte-Lugo-Betanzos-A Coruña/Ferrol. En concreto, na área funcional de Lugo executaranse obras de renovación de vía entre Monforte e Sarria, licitaranse obras de renovación entre Sarria e Lugo e está en proceso de renovación o proxecto de renovación da vía entre Lugo e Curtis.

- Polo que se refire ós investimentos en **infraestructuras viarias**, foron dous os realizados no ano 1998 por parte da Dirección Xeral de Obras Públicas, cifra que se incrementou a seis no seguinte ano. O seu orzamento total superou os 300 millóns de pesetas no primeiro ano, incrementándose en máis de 800 millóns en 1999 ata acadar unha cifra global de 1.165 millóns de pesetas.

Os dous investimentos de 1998 foron os seguintes:

- Alongamento e mellora da estrada de Meira a Ponte Soutelo, na comarca de Meira, por importe de 87 millóns de pesetas
- Proxecto básico de estruturas:

segunda fase nas estradas LU-634 e LU-633. Alongamento e mellora do trazado Triacastela-Samos, na comarca de Sarria (cun presuposto total de 242,9 millóns de pesetas)

Pola outra banda, en 1999 os seis investimentos neste ámbito consistiron en:

- Acondicionamento do camiño de Rábade a Cospeito en Lugo, con 499,9 millóns de presuposto.

- Acondicionamento da plataforma e reforzo do firme con mestura bituminosa en quente no tramo Paradela-Portomarín do camiño de Santiago C-535 Becerreá-Vendas de Narón, na comarca de Sarria (121,8 millóns de pesetas).

- Acondicionamento da plataforma e reforzo do firme con mestura bituminosa en quente no tramo Sarria-Paradela do camiño de Santiago C-535 Becerreá-Vendas de Narón, tamén na comarca de Sarria, por importe de 140,6 millóns de pesetas.

- Dobre tratamento superficial por tramos, limpeza de foxos na estrada LU-120, camiño de Vilalba a Paraxes, na Terra Chá, para o que foi establecido un orzamento de 22,7 millóns de pesetas.

- Mellora da intersección na C-641 de Rábade a Ferrol por Vilalba, cun presuposto de 9,8 millóns.

- Acondicionamento da estrada LU-212 no tramo Monterroso-Taboada, na comarca da Ulloa, cun orzamento de 374,7 millóns de pesetas.

- A dotación en **infraestructuras hidráulicas** viuse ampliada coa realización dun total de dez investimentos no período 1998-99, seis no primeiro ano e catro no segundo. Estableceuse un presuposto total de 456,5 millóns de pesetas divididos do



seguinte xeito: 374,9 millóns para o primeiro ano e 81,6 para o segundo.

En 1998 estes investimentos foron:

- Abastecemento de auga a Puñago, Cortevella e Estornín en Baleira, na comarca de A Fonsagrada, cun presuposto de 12,4 millóns de pesetas.

- Colectores xerais e E.D.A.R. de Samos, na comarca de Sarria, por 70,0 millóns.

- Abastecemento de auga ó concello de Castro de Rei, na Terra Chá (137,5 millóns de pesetas).

- Segunda fase do abastecemento de auga a núcleos de Pastoriza, na mesma comarca e por un importe total de 115,9 millóns.

- Substitución do encanamento de baixada a Vilalba, tamén na Terra Chá, establecendo un orzamento de 25,2 millóns.

- Abastecemento de auga ós núcleos rurais de Lebesende e Eirexe, Olveda en Antas de Ulla, na comarca de A Ulloa, cun presuposto de 14 millóns de pesetas .

En canto a 1999, onde os investimentos neste campo reducíronse en máis das tres cuartas partes con respecto ó ano anterior, realizáronse ós seguintes investimentos:

- Abastecemento de auga a Balonga, Outeiro, Ribeiro, Poula, Susa e Fontao en Pol, na comarca de Meira, por un importe de 16 millóns de pesetas.

- Captación e abastecemento de auga ós núcleos de Bretoña, Francos, Toucido e Santalla en Riotorto, tamén na comarca de Meira, chegando ós 28 millóns de pesetas.

- Renovación das redes de saneamento e abastecemento de auga en Chao de Pousadoiro, no concello de Ribeira de Piquín

(Meira), para o que se dotou un orzamento de 18,2 millóns

- Abastecemento de auga a Xermade e Cabreiros, na Terra Chá, cun presuposto de 19,4 millóns de pesetas.

Parques empresariais

O conxunto da área funcional de Lugo contaba en marzo de 1998 cun sete parques empresariais en funcionamento, entendendo por parque empresarial aquela actuación inmobiliaria que sitúa no mercado unha oferta de solo industrial urbanizado destinado a actividades industriais, comerciais e/ou de servizos e que cumpre uns requisitos consistentes na existencia dun promotor xestor, que o solo onde se radica sexa legalmente calificado para tal fin e que dispoña dunha serie de infraestructuras e servizos básicos. Deste xeito, o termo de parque empresarial é utilizado como sinónimo de polígono industrial ou solo industrial urbanizado, pero non inclúe, sen embargo, ós parques tecnolóxicos.

Ós parques empresariais en funcionamento, que son aqueles xa urbanizados e que xeralmente xa contan con empresas instaladas, pódeseles engadir outros tres tipos de parques: en construción, en proxecto e en estudio. Así, os primeiros serían aqueles coas obras de urbanización xa iniciadas pero aínda non finalizadas; os parques empresariais en proxecto están próximos a se construír ou estase a desenvolver-lo seu plan parcial, namentres que os parques en estudio son aqueles que están previstos a medio prazo.

No caso da área funcional de Lugo, ós

sete parques empresariais xa en funcionamento no ano 1998 hai que lles engadir catro máis en construción e nove en estudo, que farían que nun futuro non lonxano esta zona contara cun total de vinte instalacións deste tipo.

Os parques empresariais actualmente en funcionamento distribúense territorialmente só en tres comarcas –Lugo, Meira e Terra Chá–, de xeito que as outras catro comarcas da área funcional non contan con ningún parque empresarial. En concreto, a comarca de Lugo conta con tres parques, dous deles situados na propia cidade de Lugo – O Ceao e IN-F– e o outro no concello de Rábade. A Terra Chá dispón tamén de tres parques empresariais: Vilalba, Castro de Ribeiras de Lea en Castro de Rei e A Pastoriza. O outro parque que funciona na área atópase en Meira, na capital da comarca.

En canto ós xestores e promotores destes parques, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e Xestur Lugo copan a meirande parte deles ó estar presentes en cinco dos sete parques referidos. Así, unicamente o polígono de O Ceao, xestionado pola Sociedade Estatal de Promoción e Equipamento de Solo (Sepes), e o parque empresarial de Rábade, que ten como promotor á sociedade Solo Industrial de Galicia (Sigalsa), sitúanse fóra do ámbito do IGVS e Xestur.

Con respecto ás características dotacionais dos distintos parques empresariais destaca sobre os demais o de O Ceao. Creado no ano 1976 e cunha superficie de 724.930 m² divididos en 140 parcelas, constitúese non só como o máis antigo senón como o de maior extensión, cunha superficie

dúas veces superior ó seguinte parque (o de Rábade). É tamén o que conta con maior dotación en infraestruturas, ó dispor de rede eléctrica MT, tendido aéreo, rede de auga e de rega, depósito regulador, bombeo potable e rede de gas. Os servizos proporcionados tamén son amplos, incluíndo recollida de residuos, estación de servizo, báscula, cabinas telefónicas, servizo bancario, mantemento de infraestruturas, servizo público de transporte de persoas, asociación de empresarios, xunta de conservación, cafetería e restaurante. Ademais da zona adicada a uso industrial, conta cunha parte de superficie comercial.

O polígono de O Ceao atópase nunha situación de saturación: en 1998 tiña vendidas 138 das 140 parcelas coas que conta, o que supón unha porcentaxe de ocupación do 98,5% e fai necesaria unha ampliación ou a procura de parques alternativos.

O seguinte parque empresarial en canto á súa extensión, con 323.160 m² e 79 parcelas, é o de Rábade, tamén situado na comarca lucense. Sen embargo, o parque de Vilalba, aínda que en menos extensión, ofrece máis parcelas, 103 en 272.136 m². En canto ás súas infraestruturas e servizos, estes atópanse a niveis similares aínda que non son tan amplos como os de O Ceao. Por outra banda, destaca a dotación do parque lucense o IN-F, equiparable á de O Ceao, se ben a súa extensión é moito máis reducida: 120.674 m² divididos en 79 parcelas.

Os tres parques restantes, creados todos eles nos anos noventa, teñen dimensións menores ó non chegar nin ós 100.000 m² nin as 50 parcelas, se ben as súas caracte-



Cadro 4.1. Parques empresariais en funcionamento na área funcional de Lugo: características principais

Parque empresarial	Inauguración	Nº de parcelas	Nº de parcelas vendidas	Superficie (m ²)	Superficie industrial (m ²)	Superficie comercial (m ²)	Prezo (ptas./m ²)	Investimento total (millóns de ptas)	Promotor / Xestor
Castro de Ribeiras de Lea	1992	31	12	42.399	24.860	-	3.402	94,82	IGVS/Xestur Lugo
IN-F	1996	67	56	120.674	74.339	-	9.030	279,46	Xestur
Meira	1992	34	30	75.708	48.800	-	3.985	154,26	IGVS/Xestur Lugo
O Ceazo	1976	140	138	724.930	449.204	11.790	4.180	-	SEPEs
Pastoriza	1997	39	-	42.125	29.862	-	3.183	78,29	IGVS/Xestur Lugo
Rábadade	-	79	42	323.160	244.649	-	4.180	-	SIGALSA
Vialba	1989	103	99	272.136	199.810	-	3.859	225,8	IGVS/Xestur Lugo
Total		493	377	1.601.132	1.071.524	11.790		832,63	

Fonte: Observatorio Urbano do Eixo Atlántico e Consorcio da Zona Franca de Vigo, Parques Empresariais de Galicia e Norte de Portugal

rísticas dotacionais son semellantes ás do parque de Vilalba.

En canto ás carencias de todos estes parques na data de referencia cómpre destaca-la falta de adecuación ás novas tecnoloxías como pode se-la fibra óptica ou a RDSI. Igualmente ningunha desta instalacións dispón de terminal de ferrocarril no seu interior, o que lle proporcionaría unha importante vantaxe cara ó seu desenvolvemento.

Todos estes datos aparecen recollidos a modo de resumo no **cadro 4.1**.

A actual concentración xeográfica dos parques na área funcional podería paliarse cos parques empresariais en construción e en estudio, sobre todo cando se rematen os que se atopan en fase de estudio. En 1998 eran catro os parques en construción a data de 1998: Becerreá, en Os Ancares; Morelle, en Sarria; e Muimenta-Cospeito e Begonte, na Terra Chá. Pola súa banda, os parques empresariais en estudio fan un total de nove: Pedrafita, en Os Ancares; A Fonsagrada, Friol e Portomarín, en Lugo; Riotorto, en Meira; Guitiriz e Xermade, na Terra Chá; e Palas de Rei e Monterroso, en A Ulloa.

Feiras

O recinto feiral de Lugo, pertencente á Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo, foi inaugurado en abril de 1998 nas aforas da capital lucense, na beira do río Miño.

Para o seu funcionamento dispón dun edificio multifuncional e polivalente que conta con pavillóns independentes dotados

dos últimos avances técnicos. Os pavillóns atópanse unidos por un túnel que tamén pode ser empregado como espacio de exposicións se é preciso. Deste xeito, configúrase como un edificio de calidade que se adecúa ás necesidades dos expositores e usuarios e que permite simultanear mostras de diferente natureza.

O recinto atópase nunha situación extratéxica, pola saída á meseta que lle proporciona a autovía do Noroeste así como polo feito de estar a dez minutos do centro da cidade. As súas posibilidades de expansión son relevantes ó estar rodeado de 75.000 metros cadrados de zona verde que, ó mesmo tempo, proporcionan un espacio de ocio á poboación.

O seu carácter multifuncional permítille se-la sede de varios organismos, entre eles, un viveiro de empresas e maila aula de produtos lácteos. Entre ás principais feiras e exposicións celebradas no seu interior dende a súa inuaguración destacan ExpoLugo, Expodecor, Lugo Stock, Inforensino, Lugolandia e Lugojovent, así como diversos congresos, xornadas e cursos. [n](#)